



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2019/G003/000759

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACION BASES REGULADORAS DO 1 CONCURSO DE FOTOGRAFÍA VAL DO DUBRA COS MEUS OLLOS

EXPEDIENTE:2019/G003/000759

ANTECEDENTES:

Dando cumprimento do disposto na providencia da alcaldía de data 10 de outubro de 2019, de inicio do expediente para a elaboración e publicación das bases reguladoras do I Concurso de fotografía “Val do Dubra cos meus ollos”.

Vistas as bases elaboradas polo Departamento de Cultura co fin de de fomentar a expresión artística e a creatividade, así como promover a participación cidadá nas actividades municipais.

Vista a existencia de crédito na partida do vixente orzamento de gastos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes bases reguladoras do I Concurso de fotografía “Val do Dubra cos meus ollos”, co seguinte contido:

...//...”1º CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “VAL DO DUBRA COS MEUS OLLOS”

BASES DO CONCURSO

1.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Co obxecto de fomentar a expresión artística e a creatividade, así como promover a participación cidadá nas actividades municipais, o Concello de Val do Dubra, organiza o 1º CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “VAL DO DUBRA COS MEUS OLLOS”.

A imaxe gañadora do Concurso será a utilizada polo Concello de Val do Dubra para a elaboración do calendario do ano 2020 do Concello.

2.- BASES.

2.1.- BASE PRIMEIRA: OBXECTO DO CONCURSO.

O concurso ten por obxecto a elección da fotografía que recolla o calendario do ano 2020 do Concello de Val do Dubra.

O resto das imaxes presentadas a concurso exporanse durante os meses de decembro de 2019 e xaneiro de 2020 na Casa da Cultura de Val do Dubra.

2.2.- BASE SEGUNDA: TEMA.

O tema escollido polo participante fará referencia ao Concello de Val do Dubra e a imaxe que para el resulte máis identificativa e representativa do mesmo.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2019/G003/000759

Pode conter aspectos relacionados coa riqueza paisaxística, natural, cultural e/ou artística do Concello. Nas imaxes deberase apreciar que se trata de paisaxes, lugares, celebracións ou manifestacións culturais relacionadas con Val do Dubra.

Os autores serán responsables ante o Concello e fronte a terceiros, do cumprimento do establecido nestas bases.

Non se aceptarán imaxes con contidos contrarios o dereito a honra, a intimidade persoal ou familiar ou a propia imaxe das persoas, nin en xeral, con contidos que sexan contrarios á legalidade vixente.

2.3.- BASE TERCEIRA: CONDICIÓNS TÉCNICAS.

As imaxes presentadas deberán ser orixinais ou inéditas, non habendo sido presentadas e/ou premiadas en calquera outro certame ou concurso de características similares.

As imaxes poderán ser en cor ou en branco e negro, non admitíndose a manipulación dixital das mesmas.

As fotografías presentaranse en papel, podendo ser reveladas mediante proceso químico ou impresión dixital.

O tamaño mínimo das fotografías será de 30 x 40 cm e o máximo de 40 x 50 cm, correspondendo este tamaño á imaxe fotográfica. Presentaranse sen ningún tipo de montaxe nin soporte, quedando automaticamente excluídas as que veñan montadas.

As fotografías deberán ser propiedade do autor que as presente ao Concurso.
No caso de fotografías premiadas, o Concello poderá solicitar o arquivo dixital das mesmas.

2.4.- BASE CUARTA: PARTICIPANTES.

Poderán participar todos os veciños do concello de Val do Dubra que estean empadroados na data de aprobación das presentes bases. Sen limitación de idade.

2.5.- BASE QUINTA: PRESENTACIÓN DAS OBRAS.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Solicitud de participación.
- O fotografía orixinal. Na parte posterior da fotografía constará o pseudónimo elixido polo participante e o título da obra.

Cada participante deberá introducir a solicitude de participación e o traballo orixinal dentro dun sobre pechado, no que figurará o pseudónimo do participante e o concurso ao que se presenta (1º CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “VAL DO DUBRA COS MEUS OLLOS”).

Só poderá presentarse unha obra por participante.

O concello terá un coidado rigoroso na manipulación das obras recibidas pero, declina calquera responsabilidade pola perda, rotura e/ou danos sufridos nas mesmas, con motivo do envío ou durante o Concurso.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2019/G003/000759

2.6.- BASE SEXTA: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O sobre coa documentación requirida no apartado anterior presentarase no Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo establecido, onde se dará constancia da participación no mesmo.

O prazo de presentación das obras é improrrogable e comprenderá do día 20 de outubro ao 5 de novembro de 2019, ámbolos dous incluídos.

2.7.- BASE SEPTIMA: XURADO E FALLO.

O xurado designarase por Decreto da Alcaldía, antes do fallo do concurso e estará conformado por cinco membros, de entre o persoal do Concello e/ou da Xunta de goberno local do mesmo.

O xurado reunirse en data a determinar no Decreto de designación do Tribunal, e dará a coñecer o fallo unha vez terminado o acto.

O fallo do xurado será inapelable e darase a coñecer polos medios habituais (Taboleiro de anuncios, redes sociais e páxina web do Concello).

2.8.- BASE OITAVA: PREMIOS.

Estableceranse dous premios:

- 1º premio: Fotografía que o Concello de Val do Dubra utilizará como imaxe para o calendario do ano 2020 do Concello e 200 euros.
- 2º premio: 100 euros.

Baixo as seguintes condicións:

- Non poderán recaer os dous premios na mesma fotografía.
- Non poderán recaer ambos premios no mesmo participante.

A data e o lugar da entrega de premios comunicaráselle aos gañadores e será obrigatorio que eles, ou ben un representante dos mesmos, acudan á entrega dos premios para a súa recollida.

Aos gañadores faráselle entrega dun vale por valor do importe do premio. Este vale terá que presentalo nas oficinas municipais antes do 20 de decembro de 2019, xunto con unha ficha na que fará constar o número de conta bancaria onde solicita o pago do importe do premio, que se fará efectivo por transferencia bancaria.

No caso de que o gañador sexa menor de idade, a solicitude do pago do premio deberá realizala seu pai/nai ou titor no seu nome.

2.9.- BASE NOVENA.- PROPIEDAD INTELECTUAL.

A participación no 1º CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “VAL DO DUBRA COS MEUS OLLOS” conleva o consentimento dos participantes para que o seu nome e a súa imaxe poidan ser utilizados nos medios de difusión que o Concello de Val do Dubra considere oportuno, con fins publicitarios dentro do proxecto do 1º CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “VAL DO DUBRA COS MEUS OLLOS” .

Mediante a participación no concurso, o Concello de Val do Dubra adquire, en exclusiva todos os dereitos



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2019/G003/000759

económicos da propiedade intelectual inherentes ás obras presentadas a concurso e poderá libremente proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo sinalado no art. 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible ou intanxible, comprendendo todas e cada unha das modalidades de explotación, incluíndo os dereitos de reprodución en calquera soporte ou formato, así como os dereitos de distribución e comunicación pública.

A devolución das fotografías non premiadas farase a partir do mes de febreiro do ano 2020, unha vez finalizado o prazo de exposición das mesmas. Os participantes que o desexen poden recoller as súas fotografías no Concello de Val do Dubra. Aquelas que non sexan retiradas pasarán a formar parte do fondo fotográfico do Concello de Val do Dubra.

2.10.- BASE DÉCIMA: ACEPTACIÓN DAS BASES.

Coa participación en este Concurso o autor da fotografía autoriza a visualización da mesma na exposición que teña lugar con motivo do mesmo, así como a utilización posterior de esta nas redes sociais e na páxina web do Concello, con fins culturais, artísticos e publicitarios, citando sempre o nome do autor, aténdose en todo caso ao que dispón a Lei de Propiedade Intelectual (Real Decreto Lexislativo 1/1996).

A participación en este Concurso implica a total aceptación por parte dos participantes, de estas Bases, así como a interpretación que de elas mesmas poida facer o Xurado no seu momento.

De acordo coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que no caso de resultar premiado no Concurso os seus datos, así como a súa imaxe poderán aparecer publicados na web do Concello e nas redes sociais municipais. Salvo que manifeste o contrario, entenderemos que autoriza dita cesión de datos así como a realización de fotografías.

Sen prexuízo do mesmo, informámoslle da posibilidade que ten de exercitar os seus dereitos de acceso, cancelación, oposición e rectificación en calquera momento, dirixíndose ó Concello de Val do Dubra.””

SEGUNDO.- Publicar a convocatoria de axudas e as súas bases nos Taboleiros de anuncios municipais e na páxina Web do Concello.

Asinado dixitalmente polo Sr. alcalde José Manuel Varela Ferreiro, na data expresada na marxe da presente Resolución. Polo secretario-interventor acumulado tómase razón para a súa constancia/transcrición ao Libro de Resolúcións da alcaldía aos sos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).

FIRMADO POR José Manuel Varela Ferreiro (FECHA: 18/10/2019 13:05:00)

Daniel Ángel Lamas Bello (FECHA: 18/10/2019 13:02:00)

Decreto Nº: 702/2019 - Fecha de decreto: 18/10/2019

Versión imprimible

CVD: 6oBQ/5yiWa/FE2h8Ukd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.